

CIRCULAR INFORMATIVA – USO DE AMBULANCIAS

Ante o aumento do mal uso das ambulancias no ámbito deste seguro vémonos na obriga de lembrar as coberturas relativas aos traslados en caso de lesión.

1. Traslados cubertos

Poden consultar o **texto exacto na póliza no punto V.5.6.**

Cóbrese o traslado desde o lugar do accidente ata o centro sanitario concertado no que quede ingresada a persoa lesionada.

Se por causa de urxencia vital o primeiro centro que dá asistencia non é concertado o traslado ata o centro concertado, cando poida facerse, tamén está cuberto.

Na maioría dos casos, ao non ser accidentes graves nin urxentes, un vehículo particular ou un taxi son medios adecuados para o traslado.

Lembramos que o protocolo, salvo casos de urxencia vital, esixe sempre chamar ao seguro antes de recibir asistencia. Nesa chamada poderíase xestionar o tema do traslado.

2. Traslados non cubertos

Non son obxecto de cobertura:

- A utilización do servizo de ambulancia se a lesión non é grave e/o urxente.
- Os traslados entre centros concertados, salvo derivación da propia compañía.
- Traslados a consultas, probas ou tratamentos.

No caso dun mal uso a compañía aseguradora podería chegar a solicitar o pago dos gastos que non lle corresponden.